


SERMOS GALIZA



Medra o mar para Bernardino Graña

Unha grande homenaxe nacional honra ao cangués este sábado 1 de setembro. O Atlántico abraza ao poeta do mar, cunha xornada de poesía, música e navegación que organizan a AELG e o Colectivo Arteu, coa colaboración da Universidade da Coruña e a Real Academia Galega.

SERMOS GALIZA

1 de Setembro do 2012

O berro "Medre o mar!" saíulle a Bernardino Graña cando estaba emigrado en Tarragona, fronte a un Mediterráneo calmo de máis para o seu espírito atlántico. Poeta, narrador e dramaturgo, aos seus 80 anos segue escribindo (dará ao prelo proximamente unha novela que continúa o seu *Protocvanxeo ao neto de Herodes*), ocupando unha cadeira da Real Academia Galega, da que é membro numerario desde o 2009, e participando en actos coma esta homenaxe.

Pola mañá o parque da Torre de Hércules acolle Mirando ao Mar, un encontro de artistas plástic@s ao redor da obra de Bernardino: Carlos Botana, Carmen Cierzo, Alfonso Costa, Suso Cubeiro, Inma Doval, Rubén Mariño, Martazul, Miguel Melero, Augusto Metzli, Mercedes Molares, Begoña Pastoriza, Ánxela Pérez Meilán, Isabel Pintado, Soledad Pite, Tino Poza, Mely Secas, Nolo Suárez e Begoña Tojo xuntaranse para crear a partir das 11.00, e dexporen as súas obras pola tarde no patio do Reitorado da Universidade.

Xa ás 12.00 haberá conta contos e lecturas dramatizadas con Ana Hermida e Zezilia Meléndrez, e ás 12.45 un recital con Natalia Concheiro, Berta Dávila, François Davo, Alfredo Ferreiro, Nolim González, Denis Graña Fernández, Tati Mancebo, Mou de Lugh, Alexandre Nerium, Begoña Paz, Henrique Rabuñal, Alexandre Ripoll, Dores Tembrás e Ramiro Torres.

Á tarde, na dársena, o poeta embarcará na lancha de pasaxe Rías Altas, acompañado pol@s amig@s: despois dunha travesía literaria polo mar da Coruña, coas voces de Anxo Angueira, Xabier P. DoCampo e Luís Dopico, ás seis haberá unha marcha gaiteira con Maghúa, Peixe e amigos e Os Vicentes de Elviña, que conducirá o público ao Paraninfo da Universidade.

Alí farase a homenaxe poético-musical Medre o mar!, cunha escolma dos poemas de Graña nas voces de Xosé María Álvarez Caccamo, Anxo Angueira, Marica Campo, Marta Dacosta, Lois Diéguez, Miguel Anxo Fernán-Vello, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xosé Manuel Millán Otero, Pilar Pallarés, Manuel Rivas, Cesáreo Sánchez Iglesias, Xavier Seoane, Xulio L. Valcárcel, Diana Varela Puñal, A Quenlla, Pablo Coello, Coro mar das Acentes e Xurxo Souto, proxeccións audiovisuais de Tingalaranga e videocreacións de Xacobe Meléndrez Fassbender.